

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución de inscripción e publicación das táboas salariais definitivas do ano 2018 do convenio colectivo de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da provincia da Coruña*

#### RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E PUBLICACIÓN DA ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA PROVINCIA DA CORUÑA

Logo de ver o texto da acta do 31-01-2018 da comisión paritaria do convenio colectivo de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da provincia da Coruña onde se contén o acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2018 (código de convenio 15001235011982).

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG Núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a xefatura territorial de economía, emprego e industria da Coruña é competente para resolver a inscripción do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2018 do convenio colectivo de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da provincia da Coruña e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de economía, emprego e industria (DOG Núm 18, de 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscripción da acta do 31-01-2018 da comisión paritaria do convenio colectivo de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da provincia da Coruña no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión da acta do 31-01-2018 da comisión paritaria do convenio colectivo de de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da provincia da Coruña ó Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 26 de febreiro de 2018

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

## CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL 2016-2018 DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA APROBACIÓN DAS TÁBOAS SALARIAIS DO ANO 2018

#### ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DE A CORUÑA

- D. Benito García Sánchez
- D. José-Manuel Cajaraville Varela
- D. Manuel Bouzas Collazo

Parte sindical:

C.I.G.

- D. Eduardo Sebio Molguero

U.G.T.

- D. Felipe López Calvo

CC.OO.

- D. Ricardo-Óscar Santos Reiriz

Letrado-Asesor: - D.Carlos Puga Trigás

Na cidade de Santiago de Compostela, sendo ás dezaseis horas trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezaioito, reúnese a comisión negociadora do Convenio Colectivo Provincial de rematantes e serradoiros de madeira da provincia de A Coruña para dar cumprimento ao establecido no artigo 33.3 do vixente Convenio Colectivo Provincial 2016-2018. O presente acordo ten por obxecto a aprobación das táboas salariais para o ano 2018, nos termos indicados no devandito artigo.

Dado que o IPC oficial certificado polo INE a 31 de decembro de 2017 foi do UN COMA UN POR CENTO (1,1%) non procede a aplicación da revisión salarial recollida no artigo 33.2 do Convenio e, por conseguinte os salarios que terán que fixarse para o ano 2018 serán a consecuencia de incrementar os salarios do ano 2017 na porcentaxe do 1,5%, tal como prevé especificamente o sinalado apartado 3º do artigo 33.

As táboas salariais do ano 2018 figuran no Anexo do presente acordo.

Facúltase e autorízase ao Letrado-Asesor Don Carlos Puga Trigás, quen expresamente acepta o mandato, para que proceda a cumprimentar tódolos trámites necesarios aos efectos de que polos órganos administrativos competentes se ordene a inscrición e o depósito do presente acordo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

E sen máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as dezasete horas da data enriba sinalada, asinando en conformidade a totalidade dos asistentes.

## ANEXO

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA					
A CORUÑA					
TABOAS SALARIAIS ANO 2018					
GRUPO PROFESIONAL	POSTOS DE TRABAJO	CATEGORÍAS PROFESIONAIS ANTERIORES	SALARIO BASE MENSUAL 2018	PAGAS EXTRAS 2018	SALARIO TOTAL ANUAL 2018
I	TITULADO DE GRADO SUPERIOR		1.375,66 €	1.375,66 €	20.771,15 €
II	TITULADO DE GRADO MEDIO	Perito ATS	1.282,95 €	1.282,95 €	19.473,21 €
III	XEFE ADMINISTRATIVO ENCARGADO XERAL	Técnico Proxectista Xefe Administrativo de 1ª Xefe Administrativo de 2ª Delineante	1.190,24 €	1.190,24 €	18.175,27 €
IV	ENCARGADO	Encargado	1.097,52 €	1.097,52 €	16.877,19 €
V	OFICIAL ADMINISTRATIVO PROFESIONAL DE OFICIO DE 1ª PROFESIONAL DE OFICIO DE 2ª VIAXANTE	Oficial Administrativo de 1ª Oficial Administrativo de 2ª Oficial de 1ª Oficial de 2ª	1.022,28 €	1.022,28 €	15.823,83 €
VI	AUXILIAR ADMINISTRATIVO PROFESIONAL DE OFICIO DE 3ª AXUDANTE	Auxiliar analista Auxiliar Administrativo Axudante Peón especializado	1.001,13 €	1.001,13 €	15.527,73 €
VII	PEÓN PERSONAL DE LIMPEZA ORDENANZA	Peón Ordenanza Garda e vixiante	935,13 €	935,13 €	14.603,73 €
Paga 1º de Maio				258,71 €	
Complemento de asistencia				5,20 €	

2018/1584